



PLAN CONCELLOS 2019 (LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2019, concedeu a este concello unha subvención por importe de 362.861,10 €uros, ao abeiro do Plan Concellos 2019, correspondente á liña 3: Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais. (BOP n.º 242, do 18.12.18).

O obxecto desta subvención é a contratación de 28 persoas desempregadas inscritas no Servizo público de emprego de Galicia, como demandantes non ocupados, nas seguintes ocupacións:

- Conserxe.
- Varredor/a.
- Albanel (axudante).
- Limpador/a.
- Peón forestal.
- Peón de obras públicas.
- Pintor/a (axudante).
- Electricista (axudante).